

Emprego público

Artigo x. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 91, que queda coa seguinte redacción:

“2. Para participar nos concursos específicos regulados neste artigo é requisito necesario unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar nos concursos específicos regulados neste artigo.”

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 96, que queda redactado como segue:

“1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante comisión de servizos voluntaria nos seguintes casos:

- a) Cando os postos estean vacantes, mentres non se proceda á súa provisión definitiva.
- b) Cando os postos estean suxeitos a reserva legal da persoa titular destes, incluídos os casos en que o persoal funcionario de carreira sexa autorizado para realizar unha misión por período non superior a seis meses en programas de cooperación internacional.

- c) Cando os postos estean ocupados por persoal funcionario de carreira que teña a condición de representante do persoal e teña recoñecido un crédito de horas para o desempeño desa función equivalente á xornada de traballo completa.
- d) Cando concorran as circunstancias previstas no artigo 100 desta lei.
- e) Por circunstancias excepcionais e debidamente motivadas, cando os postos de traballo estean ocupados por persoal funcionario de carreira que se atope en situación de incapacidade laboral e esta se prevea de longa duración.”

Tres. O número 1 do artigo 121 queda modificado como segue:

“1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas, que se distribuirán a elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.”

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 124, que queda coa seguinte redacción:

“1. Nos casos de nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de cinco semanas ininterrompidas de duración, do cal se fará uso a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a

adopción. Nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso incrementarase nunha semana máis.”

Cinco. No número 4 bis da disposición adicional novena engádese un nova escala, nos seguintes termos:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
--------------	----------------	----------	----------	------------

Escala de Vixiantes de Recursos Naturais		C2	Con carácter xeral, realizarán as seguintes funcións: - Informar e asesorar á administración e á cidadanía en asuntos tanto relacionados cos aproveitamentos piscícolas en augas continentais e os recursos cinexéticos, como coa xestión dos espazos naturais. -Policía e custodia da riqueza ictícola e cinexética así como dos espazos naturais, formulando as denuncias que procedan no seu ámbito de actuación. - Vixilancia, custodia e mantemento das infraestruturas da consellería con competencias en materia de conservación da natureza, executadas en beneficio da riqueza piscícola e cinexética e/ou as executadas nos espazos naturais, incluída a reposición do patrimonio inmobiliario e elementos de sinalización dos espazos naturais e/ou os relacionados co aproveitamento dos recursos cinexéticos e/ou piscícolas.	Titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente
---	--	-----------	---	--

Disposición transitoria x. *Aplicación da nova duración do permiso por parto e do permiso doutro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ao persoal funcionario que estea gozando de tales permisos*

A nova duración do permiso por parto e do permiso doutro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo será de aplicación a aquel persoal funcionario que estea gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta lei.